



**CONCELLO DE MOECHE
(A CORUÑA)**

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO DE VALORACION DE MERITOS DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO, (XORNADA REDUCIDA) -ENCARGADO/A BIBLIOTECA, P.I.X. E SECRETARIO/A XULGADO DE PAZ- INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE MOECHE PARA O ANO 2010 . CONSOLIDACION DE EMPREGO TEMPORAL

- 1.-**Clasificación das prazas.**- Persoal laboral fixo . Denominación: Encargado/a Biblioteca, P.I.X. E Secretario/a do Xulgado de Paz (xornada reducida)
2. **Número de prazas que se convocan.**- 1
3. **Dotación económica.**- As fixadas no Orzamento municipal
4. **Sistema de provisión.**- Concurso de valoración de méritos, de acordo co establecido no artigo 61.7 da Lei 7/2007 - Estatuto Básico do empregado público
5. **Titulación esixida.**- Estar en posesión de graduado en E.S.O. ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da data en que remate o prazo de solicitudes
6. **Dereitos de exame:** Serán de 10 €
8. **Composición do Tribunal.**- A establecida na Base Quinta da convocatoria unitaria.
9. **Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación**
O concurso versará sobre a valoración dos seguintes méritos:
 - 9.1.-Experiencia profesional, ata un máximo de 5 puntos que se valorará da seguinte forma:
 - Por servizos prestados en bibliotecas o P.I.X dependentes da administración local, en posto de igual ou similar natureza: 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
 - Por servizos prestados en bibliotecas o P.I.X dependentes de calquera outra administración ou entidade pública en posto de igual ou similar natureza: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
 - Por servizos pestados como Xuiz ou Secretario de xulgado de paz.- 0,20 punto por mes completo de servizos prestados.



CONCELLO DE MOECHE (A CORUÑA)

No caso de que os servizos se prestaran en reximen de tempo parcial, a puntuación reducirase porcentualmente de acordo co tempo efectivamente prestado.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da administración ou mediante a presentación dos contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.

9.2. Titulacións académicas, ata un máximo de 3 puntos, que se valorará na seguinte forma

- Por estar en posesión do título de Bacharelato ou equivalente.- 1 punto
- Por estar en posesión dun título de Diplomado universitario en áreas relacionadas co traballo a desenvolver (ciencias sociais e xurídicas ou humanidades) ou do ciclo superior de Animación sociocultural, ou equivalente.- 1,5 puntos
- Por estar en posesión do título de Grado ou de licenciado en áreas relacionadas co traballo a desenvolver (ciencias sociais e xurídicas ou humanidades).- 2 puntos
- No caso de ter o título medio e superior da mesma especialidade só se puntuará o superior.

9.3 Formación específica, ata un máximo de 3 puntos que se valorará da seguinte forma:

Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa praza obxecto da convocatoria, organizados por centros oficiais ou homologados:

- Cursos de duración inferior a 20 horas: 0,25 puntos por curso.
- Cursos de 20 horas e ata 50 horas: 0,50 puntos por curso.
- Cursos de máis de 50 horas e ata 100 horas: 1 punto por curso.
- Cursos de máis de 100 horas: 1,5 punto por curso.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo centro oficial ou homologado que organice o curso, onde se indique o número de horas, no caso de que non se especifique o número de horas outorgarase a puntuación máis baixa.

Para a acreditación dos méritos da fase de concurso será necesario presentar os títulos ou certificacións correspondentes ou copia cotexada das mesmas.

9.4.-Entrevista Curricular.



CONCELLO DE MOECHE (A CORUÑA)

Os aspirantes que obtiveran as cinco maiores puntuacións na valoración de méritos, pasarán á celebración dunha entrevista curricular ante o Tribunal Calificador. Os restantes aspirantes entenderáanse eliminados.

A entrevista terá por obxecto concretar aspectos que determinen a idoneidade da persoa aspirante para o desenvolvemento do posto obxecto da convocatoria, en relación ó seu currículo ou méritos aportados. A entrevista curricular, terá unha puntuación máxima de 3 puntos.

A entrevista deberá realizarse en galego, co gallo de demostrar o coñecemento da lingua o abeiro do establecido no artigo 245 da Lei 5/ 1997 de administración local de Galicia, en caso contrario o candidato quedará excluído do procedemento de selección

10.- Cualificación.-

A cualificación do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións obtidas polos aspirantes en cada un dos extremos obxecto de valoración .

Na resolución do concurso de valoración de méritos o tribunal rexerese polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, despois de rematar a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, o tribunal propondrá a contratación como persoal laboral fixo do aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas obtivera a maior puntuación.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. En caso de empate situarase en primeiro lugar o aspirante que obtivese a maior puntuación no apartado de experiencia profesional. Se persiste o empate seguirá o aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de formación específica e finalmente o que obtivera maior puntuación no apartado de titulación académica.

11.-Norma final.

Para o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto nas “Bases xerais para a provisión de postos de traballo da oferta de emprego público de 2010 do Concello de Moeche, que se publican xunto con esta convocatoria.